

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

CURSO: 4º PRIMARIA

MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA

DEPARTAMENTO:

DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
	Presenta os traballos, en soporte dixital, de maneira ordenada, clara e limpa.
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
	Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusión sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.
Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información
	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Identifica e valora as súas posibilidades persoais.
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.
	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica as plantas do seu contorno.
	Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.
	Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.
Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Escritos (realización de tarefas escritas, elaboración de traballos,...)</p> <p>Actividades interactivas.</p> <p>Autoavaliación mediante test ou probas autocorrixibles...</p>
	<p>Instrumentos: Fichas e activades variadas de reforzo e repaso dos temas traballados durante o primeiro e segundo trimestres. Autoavaliación mediante probas escritas autocorrixibles. Actividades interactivas autoavaliabes.</p> <p>Correccións por parte do profesor de tarefas a entregar.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Vaise facer en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación podería engadírselle unha puntuación determinada (1ou 2 puntos) en función das actividades realizadas no terceiro trimestre para mellorar nota, onde se terá en conta, principalmente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A realización das tarefas. - O esforzo persoal de cada alumnado. - Entrega das tarefas: no tempo establecido e de forma correcta e comprensible. - A participación ca titora mediante a mensaxería. - Participación en propostas de conmemoracións, por exemplo, do día do libro.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: adquisición dos estándares de aprendizaxe e competencias esenciais realizada nos dous primeiros trimestres</p>
	<p>Criterios de cualificación: Vaise facer en función da revisión e corrección das actividades feitas neste terceiro trimestre. Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. Orde e limpeza na presentación. Caligrafía. Creatividade...</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Escritos e actividades variadas de reforzo e recuperación dos temas traballados durante o primeiro e segundo trimestres. Actividades tic: Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. Grao de elaboración da resposta</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Na aula virtual, por semana, que inclúen actividades de repaso das aprendizaxes e competencias realizadas nos dous primeiros trimestres, actividades de ampliación de aprendizaxe anteriores
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A construción de aprendizaxes significativas seguirá a seguinte secuencia: - Evocación de coñecementos previos para facer un repaso do máis importante visto nos primeiros trimestres. -Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. O alumnado accederá semanalmente as actividades incluídas na aula virtual, entregandoas xa resoltas na mesma aula virtual e/ou nun correo electrónico facilitado.
Materiais e recursos	Actividades preparadas pola titora, vídeos, enlaces... Como recurso usamos a aula virtual do centro.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información chega ao alumnado e familias través da aula virtual, teléfono, correo electrónico da titora e a mensaxería instantánea da aplicación ABALAR.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.